# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL
MATERIA: FRANCÉS
DEPARTAMENTO: FRANCÉS
DATA: 11/05/2020

cións d de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibl | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de |
| 1.º ESO | |
| ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade | ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais r prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, |
| ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas preguntas sinxelas e directas, a colaboración da perso |
| ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. | ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados rel |
| ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de mod previamente, para transmitir información, ou con inter escolar. |
| ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións o desenvolvemento do proceso comunicativo oral e tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenza horarios, etc. |
| **2°ESO** | |
| ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a informació audiovisuais ou de internet, breves como instrucións léxico moi común relacionado con necesidades inmedi de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver e |
| ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amos diferentes situacións comunicativas, esforzándose por pedir axuda ou aclaracións. |
| ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. | ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados rel |
| ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. | ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de mod previamente, para transmitir información ou con inter escolar. |
| ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. | ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básico moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonema patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación |
| **3°ESO** | |

| | |
|---|---|
| ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. | ▪ SLEB1.2. Capta a información máis importante de ir articulados de maneira lenta e clara, sempre que a distorsionado. |
| ▪ B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | ▪ SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, segu xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seu oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e le |
| ▪ B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. | ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en claramente estruturados sobre temas relativos a asu sempre que poida reler as seccións difíciles |
| ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na c con amigos/as noutros países), na que se intercamb importantes e experiencias persoais, e se fan e se ace confirmación ou modificación dunha invitación ou duns |
| ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significados evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. | ▪ SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e perseve acentuación de palabras e frases.<br>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións or desenvolvemento do proceso comunicativo oral e tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas c |
| | |
| **4°ESO** | |
| ▪ B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. | ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detall comunicados breves, articulados de xeito lento e c automático), sempre que as condicións acústicas sexa |
| ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. | ▪ SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e s técnicos, nas que establece contacto social básico, int puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide discute os pasos que hai que seguir para realizar unh persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o |
| ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común. | ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en claramente estruturados sobre temas relativos a asun difíciles. |
| ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente. | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na c con amigos/as noutros países); se intercambia informa e experiencias persoais, de dan instrucións e se f cancelación, confirmación ou modificación dunha inv sinxelo. |
| ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións or desenvolvemento do proceso comunicativo oral e esc etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas cul |

| | |
|---|---|
| institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos. | |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td><u>Procedementos</u>: A avaliación foi continua ao longo do 1° e 2° trimestre, polo tanto, seguirá sendo continua de cara a este 3°Trimestre. O alumno ou alumna recuperará unha avaliación cualificada negativamente mellorando os seus coñecementos durant esta Terceira Avaliación.</td></tr>
<tr><td><u>Instrumentos</u>: - Traballos e tarefas entregados en tempo e forma á profesora, e realizados telemáticamente.<br>- Probas orais, que se realizarán a través das grabacións audiovisuais do alumnado, ou a través do Cisco.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Nota da 2.ª avaliación (100%) + 3.ª avaliación (máximo 2 puntos, que se obteñen co traballo, tarefas e probas realizadas).</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>Proba escrita ca que se avaliarán os contidos mínimos do Primeiro e Segundo Trimestre.<br>O alumnado que responda negativamente ás tarefas de reforzo encomendadas pola profesora, e que non demostre ter avanzado no seu proceso de aprendizaxe sen falta xustificada (debido á situación excepcional na que nos atopamos), terá que examinarse no mes de setembro.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td><u>Criterios de avaliación</u>:<br>O alumnado que entregue en tempo e forma o dossier de actividades entregado pola profesora, superará con éxito a materia.</td></tr>
<tr><td><u>Criterios de cualificación</u>:<br>O dossier entregado neste Terceiro Trimestre, antes do 1 de xuño, fará media cos outros dous exames realizados durante o curso. O resultado constituirá o 100% da nota.</td></tr>
<tr><td><u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u>:<br>Dossier con actividades que deberá ser entregado en tempo e forma á profesora. O alumnado contará en todo momento coa axuda da profesora, quen lle facilitará o material e apoio necesario para o seu proceso de aprendizaxe e de superación da materia suspensa.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | De recuperación: o alumnado que teña unha ou as dúas avaliacións anteriores suspensas, recuperará estas avaliacións se entrega en tempo e forma os traballos e tarefas da Terceira Avaliación.<br>De repaso: Leváronse a cabo, sobre todo, nun primeiro momento, en canto foi declarado o Estado de alarma, e co fin de continuar co proceso de aprendizaxe do alumnado. Porén, ao tratarse dun idioma, calquera actividade vén a repasar contidos e estándares traballados dende principios de curso. É unha aprendizaxe en espiral.<br>De reforzo: Entregaráselle material suplementario ao alumnado que teña unha ou as dúas avaliacións suspensas, así como a aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades na realización deas tarefas do Terceiro Trimestre.<br>De ampliación: centradas básicamente na aprendizaxe de léxico cercano á realidade do alumnado, e dos estándares arriba mencionados. Os conceptos gramaticais novos serán introducidos en 4°da ESO, por seren soamente 4 alumnos cos que a profesora pode manter videoconferencias todas as semanas. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Alumnado con conectividade: empregaremos as ferramentas dixitais seguintes:<br>- Google Classroom<br>- Correo electrónico<br>- Cisco-Webex<br>- Grabadora de sons.<br><br>Entrègaselle ao alumnado traballo semanal, co fin de traballar as 4 competencias lingüísticas do Francès Segunda Lingua Estranxeira: CO, CE, E.O e E.E.<br><br>O alumnado entrega estas tarefas e cotexamos a súa realización (presentado en tempo e forma, presentado con retraso, non presentado).<br><br>A continuación a profesora envía as correccións ou os comentarios que sexan pertinentes para cada caso.<br><br>Fomentarase en todo caso unha aprendizaxe en espiral e por competencias.<br><br>Fomentarase o emprego das TICs, con exercicios a realizar na rede, con diferentes graos de dificultade, e que se axustan á diversidade do alumnado.<br><br>Alumnado sen conectividade: De darse este caso, recurririamos a dossieres fotocopiables con actividades de complexidade adaptada ás características do alumnado. Polo momento non se da esta circunstancia. |
| **Materiais e recursos** | Libro dixital *Parachute 1, 2, 3 e 4.*<br>Actividades lúdicas e con autocorrección para realizar na rede.<br>Documentos auténticos.<br>Google Classroom, Gmail, Cisco Webex. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |